

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 9 de xaneiro de 2006**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que se celebrará o vindeiro 9 de xaneiro de 2006, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

[1.- Aprobación da acta da sesión extraordinaria nº 13/05, celebrada o día 1 de decembro de 2005.](#)

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[2.- Proposta de resolución das reclamacións presentadas durante o período de exposición pública do acordo inicial de aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2006 e a súa aprobación definitiva.](#)

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 9 DE XANEIRO DE 2006

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 9 de xaneiro de 2006, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTA	BNG
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA MARÍA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario procede á lectura da resolución nº 1, con data do 4 de xaneiro de 2006, pola que se convoca sesión extraordinaria con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 13/05, CELEBRADA O DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2005.

Apróbase a acta da sesión extraordinaria nº 13/05, celebrada o día 1 de decembro de 2005.

2.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O PERÍODO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO ACORDO INICIAL DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2006 E A SÚA APROBACIÓN DEFINITIVA.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Reitera o ofrecemento para falar do Plan de emprego. A filosofía en materia de persoal é preocupante, sendo os servizos de atención aos concellos de máxima relevancia e transcendencia.

O Servizo de Asistencia a Municipios está baixo a dependencia de Secretaría Xeral e Oficialía Maior, respectamos aos dous pero tense que potenciar non baixo a dependencia dos técnicos de habilitación nacional.

En canto á xestión tributaria, é incongruente que a información ao contribuínte dependa de Tesouraría e que se queira colocar o Servizo de Xestión Tributaria baixo a dependencia do tesoureiro.

De verdade que me parece preocupante que o Plan de emprego, que creo lembrar, aínda que eu non puiden estar en todo o debate deste documento despois de anunciar a posición de abstención do grupo provincial popular e o noso desexo de colaborar, se así o estimaba o goberno provincial, e mellorar este documento,

paréceme que está bastante verde, porque que Comisións Obreiras non asinase o Plan de emprego, e que un sindicato asinante, UXT, formule alegacións tan importantes como as que se formulan, quere dicir que, efectivamente, ese documento está necesitado dunha profunda reelaboración. Neste sentido, sen entrar nunha discusión de fondo, simplemente fixen uns mínimos apuntamentos, creo que sería bo que colaborásemos todos porque isto incide na filosofía da deputación. E reitero a nosa disposición para que no seu momento, cando vostedes estimen pertinente, poidamos establecer diálogo sobre estes temas.

En canto ao resto de reclamacións son unha reclamacións concretas, singulares, que afectan xa, non á filosofía da deputación, senón a temas individuais, e por iso a nosa posición vai ser de abstención sobre as reclamacións, de considerar procedente que pasen á Comisión de Persoal todas elas para que sexan analizadas dentro da filosofía do Plan de emprego, e xa adianto, Sr. presidente, como están todos os temas ligados, o noso voto en contra da aprobación definitiva, polos mesmos criterios cos que votamos inicialmente o orzamento preventivo, cando foi aprobado, é dicir, non existindo ningunha modificación da situación que determinou o noso voto en contra, mantemos en definitiva o voto en contra na aprobación definitiva do orzamento, sen volver a repetir todas as consideracións que formulamos no seu día para xustificar o noso voto en contra.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, antes de nada, feliz Ano Novo a todos, dado que é o primeiro Pleno do ano 2006.

É evidente que as reclamacións que se presentan son ao orzamento inicial do ano 2006, non ao cadro de persoal, aínda que hai mesturadas, dentro das dez alegacións, hai mesturadas cuestións do cadro de persoal, da relación de postos de traballo, do organigrama e do Plan de emprego, que agradecemos ao voceiro neste caso, Sr. Rodríguez, voceiro do Partido Popular, a súa disposición ao diálogo, como non!, foi anunciado aquí tamén polo equipo de goberno que estamos abertos a todo tipo de diálogo e que as cousas por unanimidade e por consenso son unha premisa que debe marcar a pauta desta institución en todos os momentos.

De todas as formas, indicar simplemente dúas cousas: primeira, a política de persoal preocúpanos a todos, e primeiro a este equipo de goberno, eu alégrome que tamén lle preocupe ao Grupo Popular, porén, este Plan de emprego tivo algunhas pequenas lagoas que igual hai que corrixir, ou igual non hai que corrixir, estudarase con detemento, e o que sometemos a aprobación pois é, indubidabelmente, algo relacionado co orzamento. Como ben indica o ditame que imos someter a consideración plenaria, imos desestimar as dez alegacións presentadas, que indica un dos informes, mesmo considera que só un é unha alegación concreta ao Orzamento 2006, dado que ningunha cumpre as premisas do artigo 170.2 do Texto refundido da lei de facendas locais.

En segundo lugar, estas alegacións pasarán ao Servizo de Persoal, estudaranse con detalle e, no seu momento, darase a contestación pertinente nos foros correspondentes, e neste foro tamén.

En terceiro lugar, a aprobación definitiva do orzamento do ano 2006 e en cuarto lugar todo o que corresponde ao desenvolvemento, a súa publicación nos diarios, a remisión á Administración do Estado e á Xunta de Galicia, e creo que non ten nada máis que dicir, eu creo que está claro, agradecemos á oposición do Partido Popular a súa disposición a negociar, que o equipo de goberno xa tendeu a man no seu momento, e vemos que produciu efecto, e iso é o que se debate, pero non se debate nada do cadro de persoal. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Rodríguez

Reitero que a nosa posición é de abstención, por non entrar en máis consideracións ou reclamacións, en función do que está implicado aí, respectando, non obstante, os criterios técnicos da Intervención, e que na aprobación definitiva do orzamento nós mantemos a mesma posición que mantivemos na posición inicial, que é o voto en contra, pura e simplemente, sen necesidade de que reproduzamos agora todo o debate. E segundo, que se lles alegra que a preocupación polo persoal a teña tamén o Partido Popular, sempre a tivemos e ese tender a man, o único que pido é que se concrete, porque se están dispostos ao diálogo, nós anunciamos inicialmente esa disposición, espero a chamada do grupo de goberno para poder falar, porque obviamente quen ten que iniciar o diálogo é o grupo de goberno.

Sr. presidente

Este é un ditame, hai un punto único, non hai catro votacións, hai unha única votación, Sr. Dositeo.

Sr. Rodríguez Rodríguez

No ditame figuran dous puntos, un punto primeiro é reclamacións, e segundo a aprobación definitiva do orzamento, polo menos na documentación...

Sr. presidente

Da súa intervención deducimos que están en contra da aprobación definitiva do orzamento, porque votaron en contra na aprobación inicial, pero é que hai un único punto, que é proposta de resolucións das reclamacións presentadas durante o período de exposición, entón, vostedes abstéñense niso, pero expresan a súa vontade, ademais, de que non aprobarían definitivamente o orzamento.

Sr. Torres Colomer

Tentando dar un pouco de luz a este tema, Sr. presidente, independentemente de que hai un punto, que é a resolución das reclamacións e aprobación definitiva, a proposta da Comisión pon catro puntos, que creo que é cos que podemos pronunciar, que é o primeiro desestimar as reclamacións, segunda determinar que reclamacións se trasladan ao Servizo de Persoal, terceira a aprobación definitiva do orzamento e cuarto a súa publicación, como ben dicía o voceiro do goberno neste momento. Polo tanto, eu pediría se podemos votar por separado estes puntos.

Sr. presidente

Imos montar un balbordo onde non hai ningunha lea, así que sexamos prácticos, o Grupo Popular abstense, pero expresa a súa vontade de que se houbese outro punto, dous puntos, onde se recollese a aprobación definitiva, votaría en contra, se non ten ningún efecto, a posición queda perfectamente aclarada e o que está a dicir vaise recoller na acta.

Sr. Torres Colomer

Se me permite, imos ver, hai unha proposta da Comisión, a Comisión acordou unha proposta que aquí vén, está asinada polo presidente da Comisión e pola secretaria da Comisión, entón a intención, de acordo con esta proposta da Comisión, do Grupo Popular é abstermos nas reclamacións do persoal e votar en contra sendo consecuentes coa postura que tivemos no seu momento no orzamento inicial.

Sr. presidente

Sr. Torres, o que vostede di está claro, e o que me di o interventor é que hai un único punto, vótase a favor, en contra, ou abstéñense, entón abstéñense e expresan a súa vontade de que votarían en contra, e se queren, é igual, voten en contra e non hai ningún problema e aclaramos todo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO.- Desestimar as reclamacións presentadas verbo da aprobación inicial do orzamento provincial, por non estaren comprendidas en ningún dos supostos regulados no artigo 170.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

SEGUNDO.- Determinar que as reclamacións presentadas lle sexan trasladadas ao Servizo de Persoal, coa finalidade de que sexan obxecto do máis amplo estudo posíbel, para a súa posterior resolución.

TERCEIRO.- A aprobación definitiva do Orzamento provincial para o exercicio de 2006 e Bases de execución.

CUARTO.- A publicación do resumo por capítulos de dito orzamento provincial, consonte ao disposto no artigo 169.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Asemade, deberá remitírselles copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Sr. presidente

Unha vez aprobado este punto, enténdese aprobado definitivamente o Orzamento da Deputación, publicarase pasado mañá no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor o xoves.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.